



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS DE GALICIA PARA A DISPENSACIÓN DE MASCARILLAS A PERSOAS BENEFICIARIAS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

REUNIDOS

Dunha parte: D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988 do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 17 de xullo, de conformidade cos Decretos 136 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como no establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra: D. Héctor Castro Bernardino (DNI 32.835.797P) presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña; D. Alejandro María Sánchez-Pérez Mel (DNI 33.313.428K) presidente/a do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo; D. Santiago Leyes Vence (DNI 44.473.990 V) presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense; e D^a Alba M^a Soutelo Soliño (DNI 36.033.229A) presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra.

Interven en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das súas facultades que a cada un deles lle están conferidas, con plena capacidade para formalizar o presente acordo e polo exposto:

MANIFESTAN

I. O artigo 4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, determina que se garante a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia, con pleno respecto á súa personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 52 da mesma Lei 8/2008, refírese á atención a urxencias e emerxencias, establecendo que todo o Sistema Público de Saúde de Galicia prestará a atención continuada e das urxencias a través dos seus dispositivos asistenciais.

O mesmo precepto indica que ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema Público de Saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.



II. Por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ao abeiro do disposto no artigo cuarto, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria.

O artigo 6 do citado Real decreto, establece que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo das competencias de coordinación previstas na mesma disposición.

III. O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia. O Acordo prevé que para o desenvolvemento do Plan poderán ditarse ordes e instrucións que afecten dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como adoptarse medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme o que se dispoña se así o aconsellan ás necesidades da emerxencia e dos bens que hai que protexer.

IV. A Consellería de Sanidade (a través do Servizo Galego de Saúde) e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra teñen formalizado un convenio de colaboración polo que se concertan as condicións en que as oficinas de farmacia legalmente establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia colaboran profesionalmente co Servizo Galego de Saúde no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde no ámbito extrahospitalario.

V. Actualmente existen problemas no abastecemento de determinados produtos de protección individual, por mor da saturación dos fabricantes e das redes de distribución, o que dificulta o acceso da poboación aos medios de protección mínimos, entre os que se atopan as mascarillas. Este feito ten provocado distorsións na oferta e demanda destes produtos, e ocasionado elevacións nos prezos.

VI. Tendo en conta as circunstancias antes indicadas, as partes consideran de interese mutuo colaborar para facilitar o acceso das persoas beneficiarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, a un elemento de protección tan básico como as mascarillas e, para tal efecto, na representación invocada subscriben o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto .

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre as partes para



posibilitar o acceso controlado a mascarillas por parte das persoas que aporten na tarxeta sanitaria o 0% e o 10% e os seus ingresos non superen os 18.000 €, a través das oficinas de farmacia adheridas ao Convenio para a prestación farmacéutica subscrito entre as partes que voluntariamente desexen participar, o que será xestionado polo seu colexio profesional.

A iniciativa a que se refire o presente convenio estará limitada a 3 unidades por persoa.

Segunda. Condicións da entrega controlada.

1.- Requisitos de identificación e acceso:

- Cidadáns que aporten na tarxeta sanitaria o 0% e o 10% e non contén con ingresos superiores ós 18.000 euros.
- A persoa recollerá o paquete de 3 mascarillas ao que ten dereito e o/a farmacéutico/a rexistrará a entrega, de xeito que non se poidan realizar novas entregas á mesma persoa.

2.- Cada entrega quedará rexistrada de xeito que cada persoa usuaria poida ter acceso ao seu paquete, e evitando que se produza unha pluralidade de dispensación á mesma persoa.

Terceira.- Obrigas da Consellería de Sanidade.

Constitúen obrigas da Consellería de Sanidade as seguintes:

- Facilitar ás oficinas de farmacia as mascarillas necesarias para a realización do obxecto do presente convenio, a través da plataforma lóxística e os canais de distribución habituais, que non terán responsabilidade sobre os produtos entregados ás persoas usuarias.
- Facilitar ás oficinas de farmacia os mecanismos de seguimento e control das persoas usuarias a través da web de continxencia, para posibilitar a dispensación de conformidade coas condicións indicadas anteriormente.
- Establecer as relacións e/ou compromisos oportunos coa entidade/s comercializadora/s das mascarillas, en caso de escaseza ou se se considerase necesario prorrogar a iniciativa, para os efectos de novas adquisicións ou emprego de remanentes do Servizo Galego de Saúde.
- Ditar as instrucións oportunas na execución do obxecto do convenio, en condicións de equidade.

Cuarta.- Obrigas das entidades colexiais.

As entidades colexiais, en tanto representantes das oficinas de farmacia, asumen as seguintes obrigas:

- Contribuír á difusión da campaña a todas as oficinas de farmacia e velar pola efectiva aplicación segundo as condicións pactadas.
- Garantir o cumprimento e aplicación por parte das oficinas de farmacia do conxunto de condicións previstas e xestionar o reparto das mascarillas dispoñibles segundo os criterios de priorización e as instrucións determinades pola Consellería de Sanidade.
- Cumprir as instrucións da Consellería de Sanidade, colaborar e coordinarse cos órganos administrativos competentes, facilitando a máxima eficacia posible.

Quinta.- Ausencia de custo.

O obxecto do presente convenio non require de dotacións orzamentarias específicas nin implica a contracción de compromisos financeiros para as partes asinantes.

Sexta.- Vixencia.

A vixencia do presente convenio será dun mes, coa posibilidade de prórroga se as partes interviñentes o estimasen conveniente

Sétima.- Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes da Consellería de Sanidade.
- Dous representantes designados polos Colexios asinantes.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o conselleiro de Sanidade será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Natureza administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena.- Transparencia.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Décima. Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.
- c) A denuncia de calquera das partes asinantes.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade Polo Colexio Oficial de
Farmacéuticos da Coruña

Polo Colexio Oficial de
Farmacéuticos de Lugo.

Jesús Vázquez Almuiña Héctor Castro Bernardino Alejandro M.^a Sánchez-Pérez Mel
Polo Colexio Oficial de
Farmacéuticos de Ourense

Polo Colexio Oficial de
Farmacéuticos de Pontevedra

Santiago Leyes Vence Alba M^a Soutelo Soliño